

## **SOCIEDADE GALEGA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL ESTATUTOS**

### **PREÁMBULO**

A Sociedade Galega de Educación Ambiental é unha asociación independente, sen ánimo de lucro, que se constitúe para aglutinar o traballo de moitas persoas que se veñen significando, algúns dende finais da década dos setenta, na promoción da Educación Ambiental en Galicia e que desexan asociarse para darlle continuidade e profundidade a este traballo e avanzar dende unha perspectiva colectiva e plural na construción dunha sociedade máis xusta, respectuosa e responsable co medio ambiente.

### **CAPÍTULO PRIMEIRO.**

#### **DENOMINACIÓN, FINS, ACTUACIÓNS, DOMICILIO, ÁMBITO E DURACIÓN.**

##### **Artigo 1. Denominación.**

Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA).

##### **Artigo 2. Fins e actuacións**

Fins:

1. Fomentar unha Educación Ambiental de calidade que permita dar resposta ás necesidades dunha sociedade máis xusta e responsable co medio ambiente.
2. Impulsa-la investigación interdisciplinar en Educación Ambiental así como a difusión dos seus resultados e conclusións.
3. Crear foros para facilita-lo intercambio de experiencias e a formación en Educación Ambiental.
4. Establecer mecanismos de difusión en todos os formatos que contribúan á información, formación, participación e sensibilización ambiental da sociedade galega.
5. Fomentar o recoñecemento da Educación Ambiental como instrumento social e de xestión para afrontar a problemática do medio ambiente.
6. Procurar a dignificación e profesionalización dos educadores e das educadoras ambientais.
7. Promover a consolidación, avaliación e desenvolvemento de estratexias de control para potenciar a existencia de programas e centros de Educación Ambiental de calidade.
8. Crear e manter vías de conexión coas administracións públicas e outras institucións sociais.
9. Concertar liñas de actuación e colaboración con colectivos e asociacións ambientalistas, cidadáns e doutros tipos preocupadas polo medio ambiente e a Educación Ambiental.
10. Propoñer programas e políticas concretas de actuación en materia de Educación Ambiental.
11. Defender os intereses lexítimos da persoas asociadas relacionados cos fins da Sociedade.

Actuacións:

1. Todas aquelas actuacións lexítimas que faciliten a consecución dos fins da Sociedade Galega de Educación Ambiental.

##### **Artigo 3. Domicilio.**

O domicilio social será:

R/ Betanzos nº 1, 1º esquerda.  
15704 - Santiago de Compostela.

##### **Artigo 4. Ámbito.**

O ámbito territorial será a Comunidade Autónoma Galega.

##### **Artigo 5. Duración**

A Sociedade Galega de Educación Ambiental constitúese por tempo indefinido.

### **CAPÍTULO SEGUNDO.**

#### **CONDICIÓN DOS SEUS MEMBROS, DEREITOS E OBRIGAS.**

##### **Artigo 6. Socios e socias**

- a) Poderán pertencer á Sociedade todas aquelas persoas maiores de idade que traballen ou teñan interese pola Educación Ambiental. Serán consideradas socias fundadoras as persoas que asistan á Asamblea constituínte.
- b) A admisión de membros será a título individual, e realizarase mediante solicitude persoal á Xunta Directiva. A admisión definitiva deberá ser refrendada pola Asamblea Xeral.
- c) Os socios e socias seranno a título individual.
- d) Poderán ser membros de honra, persoas físicas cunha actuación relevante para a Educación Ambiental. Estas serán propostas pola Xunta Directiva e 5 socios/as numerarios/as e deberán ser aprobadas pola Asamblea Xeral.

## **Artigo 7. Dereitos e obrigas dos socios e socias**

7.1 Dereitos das socias e socios numerarios –incluíndo aos fundadores/as–:

- a) Propoñer actividades e participar en tódalas que organice a Sociedade Galega de Educación Ambiental.
- b) Asistir ás assembleas xerais con voz e voto.
- c) Elixir e ser elixido/a para calquera cargo asumido voluntariamente.
- d) Ter un exemplar dos estatutos e estar informado/a dos acordos tomados pola Xunta Directiva.
- e) Impugnar os acordos ou actuacións realizadas pola Sociedade, que entren en contradición con estes Estatutos.

7.2 Dereitos dos socios e socias de honra:

Asistir con voz pero sen voto ás Assembleas e beneficiarse de tódolos servicios e actividades que realice a Sociedade.

7.3 Obrigas dos socios e socias numerarios e numerarias –incluíndo aos fundadores/as–:

- a) Cumprir os estatutos e aceptar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Sociedade, emanados das assembleas xerais.
- b) Actuar conforme aos principios e fins da Sociedade.
- c) Cooperar e cumprir cos deberes de calquera cargo asumido voluntariamente.
- d) Pagar as cotas ordinarias e extraordinarias a través dunha entidade bancaria.

7.4 Obrigas dos socios e socias de honra:

- a) Cumprir os estatutos e aceptar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Sociedade, emanados das assembleas xerais.
- b) Actuar conforme aos principios e fins da Sociedade.
- c) Cooperar e cumprir cos deberes de calquera cargo asumido voluntariamente.

## **Artigo 8. Perda da condición de socio/a numerario/a.**

Esta poderá estar motivada por:

- a) Decisión da persoa interesada, unha vez o teña comunicado á Xunta Directiva.
- b) Proposta da Xunta Directiva, coa ratificación da Asamblea Xeral, cando o membro contraveña os fins da Sociedade, recollidos nestes estatutos.
- c) Non facer efectiva a cota aprobada pola Asamblea no último ano.

## **CAPÍTULO TERCEIRO.**

### **OS ÓRGANOS DE GOBERNO DA SOCIEDADE**

#### **Artigo 9.**

A Sociedade rexerese por:

- . A Asamblea Xeral.
- . A Xunta Directiva.
- . O/a Presidente/a.

#### **Artigo 10.**

O órgano soberano é a Asamblea Xeral.

#### **Artigo 11.**

A Xunta Directiva é o órgano rector e executivo da Sociedade. Actúa por delegación de funcións da Asamblea Xeral, que elixirá os seus compoñentes, previa presentación de candidatura.

#### **Artigo 12. Da Xunta Directiva**

A Sociedade Galega de Educación Ambiental:

- a) Será coordinada, administrada e representada pola Xunta Directiva, que actuará como órgano executivo da Asamblea Xeral e administración da Sociedade.
- b) A Xunta Directiva, estará constituída polos seguintes membros:  
Presidente/a.  
Vicepresidente/a.  
Secretario/a.  
Tesoureiro/a.  
Vocais.

As persoas integrantes da Xunta directiva serán elixidas, previa presentación das candidaturas, pola Asamblea Xeral.

#### **Artigo 13.**

A Xunta Directiva quedará validamente reunida para tomar acordos coa asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus compoñentes.

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos dos asistentes. En caso de empate, decide o voto do/a presidente/a.

#### **Artigo 14. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva.**

14.1 Exerceranse por un período de 2 anos.

14.2 A elección dos seus membros efectuarase pola Asamblea Xeral ordinaria por votación secreta. Calquera membro da Sociedade pode presentarse.

14.3 As vacantes na Xunta Directiva supliranse na primeira Asamblea que se celebre. Provisionalmente poderán ser substituídos/as pola mesma Xunta Directiva.

14.4 Serán motivos de baixa dos cargos:

- a) A dimisión voluntaria presentada por escrito ó/á Presidente/a.
- b) A inasistencia inustificada a máis de dúas reunións da Xunta Directiva nun ano.
- c) A revogación acordada pola Asamblea Xeral extraordinaria.
- d) Outras causas legais aplicables.

#### **Artigo 15. Serán funcións da Xunta Directiva:**

- a) Dinamizar o funcionamento da Sociedade.
- b) Convocar reunións, encontros, debates que fomenten o intercambio de experiencias e información entre os membros da Sociedade e nos temas que sexan de interese.
- c) Impulsar comisións de traballo e facer o seguimento das tarefas que estas desenvolvan.
- d) Propoñer á Asamblea a admisión e baixa dos membros.
- e) Decidir a comparecencia da Sociedade en calquera proceso ou trámite diante dos organismos públicos ou privados e exercitar toda clase de accións e interpoñer recursos diante calquera autoridade ou xurisdicción.
- f) Someter á Asamblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- g) Propoñer á Asamblea Xeral o establecemento das cotas ordinarias e extraordinarias ós membros.
- h) Elaborar a memoria de actividades anual e presentala para a súa aprobación á Asamblea Xeral.
- i) Propoñer á Asamblea Xeral a aprobación dun regulamento de réxime interno.
- j) Delegar en calquera membro funcións concretas, voluntariamente asumidas, das que responderá diante da Xunta Directiva.
- k) Adoptar decisións sobre temas de competencia da Asamblea Xeral en casos de extrema urxencia, convocando inmediatamente unha Asamblea Xeral extraordinaria na que responderá da súa actuación.
- l) Informar á Asamblea Xeral dos acordos adoptados.
- m) Calquera outra facultade non atribuída especificamente á Asamblea Xeral e que sirva ós obxectivos da Sociedade.
- n) Proponer a disolución da Sociedade.

#### **Artigo 16.**

A Xunta Directiva reunirse como mínimo unha vez cada catro meses, convocada polo/a Presidente/a con anticipación suficiente. Reunirse tamén cando así o soliciten a metade dos seus compoñentes. O/a secretario/a levantará acta de tódalas reunións celebradas.

#### **Artigo 17. Corresponde ó/á Presidente/a:**

- a) Representar legalmente á Sociedade.
- b) Convocar e presidir a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.
- c) Propoñer a Orde do Día.
- d) Velar polo cumprimento dos acordos da Xunta Directiva ou dos grupos de traballo.
- e) Autoriza-los pagos aprobados e asinar co/coa Tesoureiro/a os documentos que correspondan.
- f) Visar as actas e certificados sobre acordos adoptados nas Assembleas Xerais e na Xunta Directiva.
- g) En Xeral, adoptar as medidas que considere urxentes, sempre que non sexan da competencia exclusiva da Asamblea Xeral, para o mellor goberno, réxime interno e administración da Sociedade, rendendo inmediatamente contas á Xunta Directiva.
- h) O/a Presidente/a pode delegar en calquera membro da Xunta Directiva ou da Sociedade a representación da mesma, e dará conta diso á Xunta Directiva ou á Asamblea se fora preciso.

#### **Artigo 18. Corresponde ó/á Vicepresidente/a:**

- a) Exercer as funcións do/a Presidente/a por delegación expresa deste/a cando concorran circunstancias que así o requiran.
- b) Coordinar o desenvolvemento dos grupos de traballo que estean en funcionamento.
- c) Coordinar e supervisar os traballos de elaboración e edición dos instrumentos de comunicación da Sociedade.

#### **Artigo 19. Corresponde ó/á Secretario/a:**

- a) Actuar como tal nas reunións e levantar acta das reunións da Xunta Directiva e das Assembleas.
- b) Velar polo patrimonio da Sociedade, se o tivera.
- c) Asistir ó/á Presidente/a na redacción da Orde do Día e redactar a Memoria Anual.

- d) Librar certificacións e levar a correspondencia.
- e) Custodiar as actas das Asambleas e demais documentos legais da Sociedade.

**Artigo 20. Corresponde ó/á Tesoureiro/a:**

- a) Levar a contabilidade.
- b) Asinar co/coa Presidente/a os recibos, cheques e documentos análogos.
- c) Elaborar o presuposto anual e o estado de contas.
- d) Custodiar os libros contables da Sociedade.

**Artigo 21.**

Os **vocais** terán como misión cooperar no estudio e discusión dos asuntos que se traten na Xunta Directiva, especialmente os referentes ás comisións.

Haberá un mínimo de tres vocais, que serán as persoas coordinadoras dos grupos de traballo formalmente constituídos.

**Artigo 22. Constitución válida da Asamblea:**

- a) A **Asamblea Xeral** estará constituída por tódolos socios e socias, que terán que asistir persoalmente.
- b) A **Asamblea Xeral** estará validamente constituída en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos socios e socias, e media hora despois da hora fixada (considerada como segunda convocatoria) coa asistencia do 15% de socios e socias numerarios/as.

**Artigo 23. Con respecto á periodicidade das reunións:**

- a) A Asamblea Xeral reunirse, con carácter ordinario, a lo menos unha vez ao ano.
- b) A Asamblea Xeral reunirse con carácter extraordinario, tantas veces como o considere necesario a Xunta Directiva ou sempre que o solicite por escrito un mínimo do 25% dos socios e socias numerarios/as.

**Artigo 24. Corresponde á Asamblea Xeral, convocada con carácter ordinario:**

- a) Controlar e aprobar a xestión da Xunta Directiva.
- b) Aprobar os presupostos de ingresos e gastos de cada ano, a memoria de actividades e o estado de contas do ano anterior.
- c) Establecer e modificar as cotas.
- d) Decidir calquera outra xestión que lle propoña a Xunta Directiva que non sexan competencia específica da Asamblea Xeral extraordinaria.
- e) Elixir os membros da Xunta Directiva por votación secreta.
- f) Debater calquera cuestión que entre dentro dos fins da Sociedade.
- g) Aprobar as altas e as baixas dos socios e socias.

**Artigo 25. Corresponde á Asamblea Xeral, convocada con carácter extraordinario:**

- a) Modificar os estatutos.
- b) Disolver a Sociedade.
- c) Elixir as persoas substitutas dos membros da Xunta Directiva, en caso de producirse vacantes.
- d) Tomar acordos sobre o uso ou a venda de bens ou dereitos.
- e) Nomear administradores e representantes.
- f) Revocar á Xunta Directiva, se procede, e nomear unha xestora provisional.
- g) Decidir sobre calquera cuestión que lle propoña a Xunta Directiva.

**Artigo 26. Convocatorias.**

As assembleas Xerais ordinarias e extraordinarias convocaranse por escrito ou por correo electrónico, indicando a Orde do Día, a hora e o lugar da convocatoria, con 15 días de antelación como mínimo.

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos.

Será necesario o voto favorable dos dous tercios dos votos emitidos para:

- a) A modificación dos Estatutos.
- b) A aprobación do regulamento de réxime interno.
- c) A disolución da Sociedade.

**Artigo 27.**

As votacións realizaranse persoalmente, por correo, ou por delegación escrita, dentro dos prazos e cos requisitos que se establezan oportunamente, salvo nos casos de:

- a) Disposición ou enaxenación de bens.
- b) Nomeamento de Xuntas Directivas.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Modificación de estatutos.

- e) Disolución da Sociedade.

nos que as votacións realizaranse persoalmente.

#### **CAPÍTULO CUARTO: RÉXIME ECONÓMICO**

##### **Artigo 28.**

A Sociedade Galega de Educación Ambiental constitúese sen ánimo de lucro nin patrimonio fundacional.

##### **Artigo 29. Os recursos económicos da Asociación estarán formados por:**

- a) As cotas que paguen os seus membros.
- b) As subvencións e doazóns públicas e privadas aceptadas pola Sociedade que non contradigan ou condicionen os seus fins.
- c) Os ingresos que se obteñan pola organización das súas actividades e da publicación dos seus documentos.
- d) O presuposto ordinario máximo da Asociación non excederá os cen mil euros.

##### **Artigo 30.**

O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e final do ano natural.

##### **Artigo 31.**

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano elaboraránse as contas, que se formalizarán nunha memoria. Esta memoria será posta a disposición das persoas asociadas durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asamblea Xeral ordinaria que deberá aprobalo ou sancionalo

#### **CAPÍTULO QUINTO.**

##### **Artigo 32.**

O Regulamento de Réxime Interno, de ser o caso, desenvolverá aquelas materias non previstas directamente nestes Estatutos, e non poderán ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En calquera caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido aos principios democráticos e ao ordenamento xurisdiccional civil.

#### **CAPÍTULO SEXTO: DA DISOLUCIÓN DA SOCIEDADE.**

##### **Artigo 33.**

A Sociedade Galega de Educación Ambiental poderá disolverse por acordo dos dous tercios dos asistentes á Asamblea Xeral extraordinaria, convocada con tal fin.

##### **Artigo 34.**

En caso de disolución a Asamblea Xeral extraordinaria acordará o destino de tódolos bens da Sociedade, o que se aprobará por acordo dos dous tercios dos asistentes a dita Asamblea. En todo caso, cederanse a algunha asociación sen ánimo de lucro.

-----  
Don Xosé Manuel Méndez, en calidade de Secretario da *Sociedade Galega de Educación Ambiental* fai constar que os presentes Estatutos modificados en Asamblea Xeral ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2004, foron modificados para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Santiago de Compostela a 18 de decembro de 2004.

Sinatura do Secretario e selo da SGEA